

ACTA DA ASAMBLEA XERAL

En Vigo (Casa do deporte, Rúa Fotógrafo Luis Casado nº 17), sendo ás 10:00 horas do **sábado 22 de maio de 2024**, reúnese a Asamblea Xeral da Federación Galega de Orientación (Fegado) en sesión ordinaria, de acordo coa orde do día previamente establecida e comunicado, quedando debidamente constituída en segunda convocatoria coa presenza de 10 dos seus 34 membros, todos eles representados en tempo e forma:

1.- POLO ESTAMENTO DE CLUBS (7 de 22):

	Presente	Ausente
Vizhoja-Cornelios (As Neves) > Diego Fernández Sánchez	X	
CDM Xesteiras (Pontevedra) > Tania López Eyo	X	
Club Orientación Compás (Lugo) > Francisco Varela Lorenzo	X	
A.D.C. Arnela (Porto do Son) > Javier Antoñon Clemente	X	
Gallaecia Raid (A Coruña)		X
S.M. Ártabros (A Coruña) > Jorge Piñeiro Portela	X	
Fluvial de Lugo (Lugo)		X
Peña Trevinca-Barco (O Barco de Valdeorras) > Diego de la Torre	X	
A.D. A Forna-BudiñoRaid (O Porriño)		X
Aromón Pontevedra (Pontevedra)		X
Universidade de Vigo (Vigo) > Vicente Pastoriza Santos	X	
VigoOrienta (Vigo)		X
A.D.C Monte Breame (Pontedeume)		X
Brigantia Aventura (A Coruña)		X
Club de Orientación Coruña (A Coruña)		X
Club Montaña Ferrol (Ferrol)		X
Club O Pasatempo (Betanzos)		X
Club Orientación Liceo de A Coruña (A Coruña)		X

Club SEO (Ordes)		X
Club USC (Santiago de Compostela)		X
Club Vichelas (Guitiriz)		X
A.D. Limioactiva (Xinzo de Limia)		X

2.- POLO ESTAMENTO DE ORIENTADORES (0 de 8):

	Presente	Ausente
Lucía Parga Basanta		X
Maikel Rodríguez Domínguez		X
Borja Varela Paz		X
Laura Garrido Martínez		X
Enrique Luis Álvarez Estévez		X
Yolanda García González		X
David Lareo Martínez		X
Victoria López Permuy		X

3.- POLO ESTAMENTO DE TÉCNICOS/ADESTRADORES (2 de 2):

	Presente	Ausente
Ángel Álvarez Serto	X	
Teresa Bellón Santos	X	

4.- POLO ESTAMENTO DE XUÍCES/CONTROLADORES (1 de 2):

	Presente	Ausente
Pablo A. Aller Estévez	X	
Candela Puime López		X

5.- EN REPRESENTACION DE LA PRESIDENCIA DE FEGADO: A vice-presidenta Claudia Oreiro Chapela

Tamén asisten, con voz pero sen voto: Adrián Pérez (secretario accidental e vogal de Raid), Alicia Pérez Alonso (vogal de MTBO).

ORDE DO DÍA

1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da Asamblea Xeral do 16/12/2023.

Toma a palabra a vice-presidenta da Fegado, Claudia Oreiro, en representación da Presidenta Sonia, que non pode asistir, agradecendo a asistencia dos presentes. Fai notar a pouca asistencia á asamblea.

Aclárase que a acta foi debidamente comunicada a todos os asamblearios e procédese á votación sendo aprobada por unanimidade (10 votos a favor).

2º.- Aprobación, se procede, das contas anuais 2023.

Toma a palabra o tesoureiro, Javier Antoñón Clemente, para facer un resumo do libro de contas “Libro de Cotabilidade e inventario exercicio 2023” desta acta. Procédese á votación das mesmas, sendo aprobadas por unanimidade (10 votos a favor).

3º.- Aprobación, se procede, da memoria anual de actividades 2023.

Toma a palabra a vice-presidenta da Fegado, Claudia, para repasar a memoria das actividades 2023, comentando o documento “Memoria Actividades 2023” desta acta. Procédese á votación do documento, sendo aprobado por unanimidade (10 votos a favor).

4º.- Aprobación, se procede, do calendario oficial Fegado 2025.

Despois dunha breve introdución de Claudia onde fai notar a falta de probas no calendario, toma a palabra o responsable de calendario Francisco Varela, para explicar diferentes problemas que ve á hora de cadrar o calendario en datas, localizacións e coordinación co calendario da Fedo. Coméntase que as probas que se pidan a Fedo, deben ser comunicadas á Fegado e a Fegado debe comunicalas a Fran para que poida coordinar correctamente cos clubs. Tamén comenta diferentes ideas, que poderían resultar na súa opinión en maior participación de corredores e organizacións, entre elas, a posibilidade de facer un segundo circuito “B” de probas a nivel galego, para tentar fomentar a participación e organización con menos custos e requisitos (estas propostas debense debatir en asambleas e mesas de traballo futuras).

Por último Fran resume as probas propostas según figuran no “Borrador 1 a 20 de junio 24 - Calendario Fegado 2025” desta acta.

5º.- Execución do presuposto 2024 (xaneiro-maio).

Toma a palabra o tesoureiro, Javier Antoñón Clemente, para comentar cambios nas partidas presupostadas propiciados por cambios nas subvencións existentes informando aos presentes para que esten informados do estado das contas.

Comenta tamén cambios nos convenios entre a FEGADO e os clubs: segundo o convenio asignado entre Xunta e FEGADO polo que se recibe a subvención da Xunta, obrígase á Fegado a cumprir o establecido neste, reiterado en circular emitida ó efecto e que se comunicou ós clubs. Na que se indica que para que a Fegado poida pagar aos clubs as cantidades indicadas nos convenios de colaboración asinados entre FEGADO e os clubs, é obrigatorio xustificar previamente o seu abono coa documentación indicada: certificados, informes, facturas, etc.

En 2023 non se xustificaron certos pagos que teñen sido requiridos pola Secretaría Xeral do Deporte para que todo quede xustificado.

Se todos os gastos non se xustifican correctamente coa Xunta corremos o risco de que as subvencións non se paguen.

6º.- Información da Presidencia.

Toma a palabra Claudia para explicar diferentes temas:

1. Asambleas. Resumo da assemblea Fedo de Xuño. Coméntase a baixa Asistencia a assembleas Fegado.
2. Deportistas. Resultados relevantes e alto rendemento.
3. Tecnificación de Fegado. Fomento de actividades e entrenamentos de menores e adultos.
4. Uniformidade. Equipación e imaxe da Fegado para seleccionados.
5. Campionatos Xunta de Galicia. Petición para remitir á Xunta de volver a la nomenclatura anterior Campionato Galego.
6. Valoración da proba de MTBO de Santiso. Resultado moi positivo: unión entre moitos clubs da Fegado, mellora de resultados no ranking nacional, e bo resultado economico. Intentar repetir outros anos.
7. Apoio a disciplina MTBO. Petición a Fedo para que apoie a clubs que organicen MTBO.
8. CESA e CECEO. Petición de organización desde Fegado durante o ano Xacobeo 2025.
9. Contas e convenios. Os clubs deben facilitar os convenios e as facturas que son necesarias para poder obter os fondos subencionados.
10. Auditoria. A auditoría 2023 foi ok, hai una nova auditoría para 2024.

Máis detalle, no documento “6 - Información presidenta” desta acta.

7º.- Presentación do Manual CPO's.

Toma a palabra Jorge Piñeiro, en nome de Xan Trigo que por motivos persoais no puido asistir a assemblea.

Xan Trigo elaborou un libro “Manual de homologación de Circuitos Permanentes de Orientación Deportiva”, dito manual é brevemente explicado por Jorge, que explica tamén os motivos de elaboración do manual.

O manual será publicado próximamente para descarga gratuita.

8º.- Rogos e preguntas.

a) Rogos de Alfonso Mancera enviado por email e comentados por Jorge Piñeiro.

1. Onde pide un engadido nos reglamentos de ope, mtbo, etc sobre o uso e rexistro de mapas. Proposta íntegra en “OBLIGATORIEDAD DE REGISTRAR LOS MAPAS EN FEDO” deste acta.
2. Tamén fai unha segunda proposta para que todos os trazadores de probas oficiais teñan titulación nivel 1. Proposta íntegra en “TRAZADORES NIVEL I PARA LIGA GALLEGA” deste acta.
3. Fai unha terceira petición sobre a obligatoriedade de estar en posesión de licenza de xuíces cronometradores. Proposta íntegra en “AÑADIR A LA NORMA ANUAL LA LICENCIA ANUAL DEL JUEZ CRONOMETRADOR” deste acta.

b) Claudia Oreiro pide un protocolo sobre entregas de trofeos, para buscar un mecanismo que mellore a duración das entregas de trofeos, sobre todo en o-pe. Coméntase como opción entregar todo nunha gala ao remate da tempada ou ao rematar a derradeira proba do ano. Tamén faise notar que os xuíces controladores deben facer constar en acta os corredores que non recollen os premios.

E sen máis asuntos que tratar, dase por concluída a reunión da Asamblea Xeral, co agradecemento da Vice presidenta a todos e todas os/as presentes, sendo as 18:21 horas do mesmo día 22 de xuño de 2023.

O secretario accidental da Federación
Adrián Pérez Alonso

VºBº A Presidenta
Claudia Oreiro Chapela

FEDERACIÓN GALEGA DE ORIENTACIÓN

LIBRO DE CONTABILIDADE E INVENTARIO

EXERCICIO 2023

Período del 01/01/2023 al 31/12/2023

Ejercicio: 2023

Fecha: 30/04/2024

Página: 1

Activo	2023	2022
A) ACTIVO NO CORRIENTE.....	5.034,89	5.357,16
I. Inmovilizado intangible.....	0,00	0,00
Fondo de Comercio.....	0,00	0,00
Resto.....	0,00	0,00
II. Inmovilizado material.....	5.034,89	5.357,16
21900 otro inmovilizado material.....	57.988,63	57.988,63
28190 amortizacion acum. de otro inmovilizado material.....	-52.953,74	-52.631,47
III. Inversiones inmobiliarias.....	0,00	0,00
IV. Inversiones en empresas del grupo y asociadas a largo plazo.....	0,00	0,00
Instrumentos de patrimonio.....	0,00	0,00
Resto.....	0,00	0,00
V. Inversiones financieras a largo plazo.....	0,00	0,00
Instrumentos de patrimonio.....	0,00	0,00
Resto.....	0,00	0,00
VI. Activos por Impuesto diferido.....	0,00	0,00
VII. Deudores comerciales no corrientes.....	0,00	0,00
B) ACTIVO CORRIENTE.....	29.334,41	24.756,02
I. Existencias.....	0,00	0,00
II. Deudores comerciales y otras cuentas a cobrar.....	1.440,00	4.023,56
1. Clientes por ventas y prestaciones de servicios.....	0,00	0,00
a) Clientes por ventas y prestaciones de servicios a largo plazo.....	0,00	0,00
b) Clientes por ventas y prestaciones de servicios a corto plazo.....	0,00	0,00
2. Accionistas (socios) por desembolsos exigidos.....	0,00	0,00
3. Otros deudores.....	1.440,00	4.023,56
44000 deudores (euros).....	1.440,00	0,00
47000 h.p. deudora por iva.....	0,00	4.023,56
III. Inversiones en empresas del grupo y asociadas a corto plazo.....	0,00	0,00
Instrumentos de patrimonio.....	0,00	0,00
Resto.....	0,00	0,00
IV. Inversiones financieras a corto plazo.....	0,00	0,00
Instrumentos de patrimonio.....	0,00	0,00
Resto.....	0,00	0,00
V. Periodificaciones a corto plazo.....	0,00	0,00
VI. Efectivo y otros activos líquidos equivalentes.....	27.894,41	20.732,46
57200 bancos e inst.credito c/c vista, euros.....	27.894,41	20.732,46

*Período del 01/01/2023 al 31/12/2023**Ejercicio: 2023**Fecha: 30/04/2024**Página: 2*

Activo	2023	2022
TOTAL ACTIVO (A+B)	34.369,30	30.113,18

Período del 01/01/2023 al 31/12/2023

Ejercicio: 2023

Fecha: 30/04/2024

Página: 3

Patrimonio Neto y Pasivo	2023	2022
A) PATRIMONIO NETO.....	32.372,83	27.837,79
A-1) Fondos propios.....	29.958,69	27.837,79
I. Capital.....	29.325,41	22.410,00
1. Capital escriturado.....	29.325,41	22.410,00
10100 fondo social.....	29.325,41	22.410,00
2. Capital no exigido.....	0,00	0,00
II. Prima de emisión.....	0,00	0,00
III. Reservas.....	0,00	9.549,27
Reserva de capitalización.....	0,00	0,00
Reserva de nivelación.....	0,00	0,00
Fondo de reserva obligatorio de cooperativas.....	0,00	0,00
Resto de reservas.....	0,00	9.549,27
11300 reservas voluntarias.....	0,00	9.549,27
IV. Acciones y participaciones en patrimonio propias.....	0,00	0,00
V. Resultados de ejercicios anteriores.....	0,00	-6.176,54
12100 resultados negativos de ejercicios anteriores.....	0,00	-6.176,54
VI. Otras aportaciones de socios.....	0,00	0,00
VII. Resultado del ejercicio.....	633,28	2.055,06
VIII. Dividendo a cuenta.....	0,00	0,00
A-2) Ajustes en patrimonio Neto.....	0,00	0,00
A-3) Subvenciones, donaciones y legados recibidos.....	2.414,14	0,00
13000 subvenciones oficiales de capital.....	2.414,14	0,00
B) PASIVO NO CORRIENTE.....	0,00	0,00
I. Provisiones a largo plazo.....	0,00	0,00
II. Deudas a largo plazo.....	0,00	0,00
1. Deudas con entidades de crédito.....	0,00	0,00
2. Acreedores por arrendamiento financiero.....	0,00	0,00
3. Otras deudas a largo plazo.....	0,00	0,00
III. Deudas con empresas del grupo a largo plazo.....	0,00	0,00
IV. Pasivos por impuesto diferido.....	0,00	0,00
V. Periodificaciones a largo plazo.....	0,00	0,00
VI. Acreedores comerciales no corrientes.....	0,00	0,00
VII. Deuda con características especiales a largo plazo.....	0,00	0,00
C) PASIVO CORRIENTE.....	1.996,47	2.275,39
I. Provisiones a corto plazo.....	0,00	0,00

Período del 01/01/2023 al 31/12/2023

Ejercicio: 2023

Fecha: 30/04/2024

Página: 4

Patrimonio Neto y Pasivo	2023	2022
II. Deudas a corto plazo.....	0,00	0,00
1. Deudas con entidades de crédito.....	0,00	0,00
2. Acreedores por arrendamiento financiero.....	0,00	0,00
3. Otras deudas a corto plazo.....	0,00	0,00
III. Deudas con empresas del grupo y asociadas a corto plazo.....	0,00	0,00
IV. Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar.....	1.996,47	2.275,39
1. Proveedores.....	0,00	0,00
a) Proveedores a largo plazo.....	0,00	0,00
b) Proveedores a corto plazo.....	0,00	0,00
2. Otros acreedores.....	1.996,47	2.275,39
41000 acreedores por prestaciones de servicios (euros).....	1.951,47	2.273,75
47510 h.p. acreedora por retenciones practicadas.....	45,00	1,64
V. Periodificaciones a corto plazo.....	0,00	0,00
VI. Deuda con características especiales a corto plazo.....	0,00	0,00
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A+B+C).....	34.369,30	30.113,18

Período del 01/01/2023 al 31/12/2023

Ejercicio: 2023

Fecha: 30/04/2024

Página: 1

CONCEPTOS	2023	2022
1. Importe neto de la cifra de negocios.....	54.304,80	18.770,00
70500000 INGRESOS DE LICENCIAS.....	14.254,50	18.406,00
70500001 INGRESOS ALQUILER MATERIAL FEGADO.....	847,00	306,00
70500002 INGRESOS APORTACIONES INSCRIPCIONES CAMPEONATOS.....	656,00	0,00
70500003 INGRESOS APORTACIONES CESA.....	1.367,00	58,00
70500004 INGRESOS CAMISETAS.....	1.310,00	0,00
70500005 INGRESOS APORTACIONES TECNIFICACIONES.....	220,00	0,00
70500006 INGRESOS CONVENIO SXD.....	23.552,00	0,00
70500007 INGRESOS XOGADE.....	3.600,00	0,00
70500008 INGRESOS CONVENIOS PER.....	2.400,00	0,00
70500009 INGRESOS APORTACIONES CAMPUS VERANO.....	4.574,00	0,00
70500010 INGRESOS APORTACIONES CESAR.....	219,30	0,00
70500011 INGRESOS CURSOS.....	1.305,00	0,00
2. Variación de existencias de productos terminados y en curso de fabricación.....	0,00	0,00
3. Trabajos realizados por la empresa para su activo.....	0,00	0,00
4. Aprovisionamientos.....	-3.496,33	-4.075,63
60000002 COMPRA DE EQUIPACIONES.....	-2.213,70	-2.027,22
60000003 COMPRA DE TROFEOS Y PREMIOS.....	-1.282,63	-2.048,41
5. Otros Ingresos de explotación.....	0,00	29.966,56
74000001 SUBVENCIONES RECIBIDAS.....	0,00	29.966,56
6. Gastos de personal.....	0,00	0,00
7. Otros gastos de explotación.....	-47.331,77	-37.534,67
62200000 REPARACIONES Y CONSERVACION.....	-418,46	0,00
62200001 GASTOS DE MANTENIMIENTO.....	0,00	-272,51
62600001 GASTOS BANCARIOS.....	-324,70	-292,00
62900001 GASTOS FORMACION.....	-2.225,00	0,00
62900002 OTROS SERVICIOS RECIBIDOS.....	-141,50	-5.025,63
62900003 GASTOS DE OFICINA.....	-547,63	-1.118,68
62900004 GASTOS CESA.....	-10.867,24	0,00

Período del 01/01/2023 al 31/12/2023

Ejercicio: 2023

Fecha: 30/04/2024

Página: 2

CONCEPTOS	2023	2022
62900005 DIETAS DIRECTIVA.....	-3.725,32	-17.693,66
62900006 INSCRIPCIONES PRUEBAS Y CAMPEONATOS.....	-11.285,47	-1.415,50
62900007 CONVENIOS VARIOS.....	-12.560,00	-11.200,00
62900008 SERVICIOS DE ASESORIA EXTERNA Y LOPD.....	-1.185,80	-508,20
62900009 GASTOS TECNIFICACION.....	-4.044,77	0,00
63100001 TASAS, CANONES Y OTROS TRIBUTOS.....	-5,28	-8,49
65900000 OTRAS PERDIDAS EN GESTION CORRIENTE.....	-0,60	0,00
8. Amortización del inmovilizado.....	-3.648,13	-5.071,20
68190001 A.I.M. MATERIAL DE LA FEDERACION.....	-3.648,13	-5.071,20
9. Imputación de subvenciones de inmovilizado no financiero y otras.....	804,71	0,00
74600000 SUBVENCIONES TRANSFERIDAS AL RESULTADO EJERCICIO.....	804,71	0,00
10. Exceso de provisiones.....	0,00	0,00
11. Deterioro y resultado por enajenaciones del inmovilizado.....	0,00	0,00
12. Otros resultados.....	0,00	0,00
A) RESULTADOS DE EXPLOTACION (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12).....	633,28	2.055,06
13. Ingresos financieros.....	0,00	0,00
Imputación de subvenciones, donaciones y legados.....	0,00	0,00
Otros ingresos financieros.....	0,00	0,00
14. Gastos Financieros.....	0,00	0,00
15. Variación de valor razonable en instrumentos financieros.....	0,00	0,00
16. Diferencias de cambio.....	0,00	0,00
17. Deterioro y resultado por enajenación de instrumentos financieros.....	0,00	0,00
18. Otros Ingresos y gastos de carácter financiero.....	0,00	0,00
a) Incorporación al activo de gastos financieros.....	0,00	0,00
b) Ingresos financieros derivados de convenios de acreedores.....	0,00	0,00
c) Resto de ingresos y gastos.....	0,00	0,00
B) RESULTADO FINANCIERO (13+14+15+16+17+18).....	0,00	0,00
C) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS (A+B).....	633,28	2.055,06
19. Impuestos sobre beneficios.....	0,00	0,00

59 - G70381603 - FEDERACION GALLEGA DE ORIENTACION

PERDIDAS Y GANANCIAS PYMES

Período del 01/01/2023 al 31/12/2023

Ejercicio: 2023

Fecha: 30/04/2024

Página: 3

CONCEPTOS	2023	2022
D) RESULTADO DEL EJERCICIO (C+19)	633,28	2.055,06

MEMORIA DE ACTIVIDADES



2023

ÍNDICE

PROGRAMA 1. ACTIVIDADES XERAIS DE FUNCIONAMENTO

- A) Asambleas Xerais
 - 1.- Celebrada o 11 de junio (convocatoria e acta)
 - 2.- Celebrada o 16 de decembro (convocatoria e acta)
- B) Organigramas
 - 1.-Xunta Directiva
 - 2.-Asemblea Xeral
- C) Orzamento da tempada 2023 aprobado na Asemblea Xeral do 16 de decembro de 2023
- D) Relación de convenios subscritos pola FEGADO

PROGRAMA 2. ACTIVIDADE DEPORTIVA ORDINARIA

- A) Licenzas de tempada. Dorsais
- B) Clubs dados de alta en FEGADO e con actividade oficial en 2023, tamén dados de alta nos rexistros da Federación Española de Orientación
- C) Calendario oficial 2023
- D) Campionatos Galegos de Orientación a Pé
 - 1.- Distancia Longa
 - 2.- Distancia Media
 - 3.- Distancia Sprint
 - 4.- Remudas Mixtas
- E) Campionato Galego de Raid de Orientación
- F) Campionatos Galego de Orientación en Bicicleta-MTBO
 - 1.- Distancia Media
 - 2.- Distancia Longa
 - 3.- Distancia Sprint
- G) Campionato Galego de Trail-O
- H) XXXII Liga Galega de Orientación a Pé
 - 1.- Normas anuais
 - 2.- *Ranking* final individual e clubs
- I) XIX Liga Galega de Raid de Orientación
 - 1.- Normas anuais
 - 2.- *Ranking* final Raid-O
- J) XI Liga Galega de Orientación en Bicicleta-MTBO
 - 1.- Normas anuais

- 2.- *Ranking* final individual e clubs
- K) V Liga Transfronteiriza Galicia – Norte de Portugal
 - 1.- Normas anuais
 - 2.- *Ranking* final
- L) IV Liga Galega de Sprint
 - 1.- Normas anuais
 - 2.- *Ranking* final
- M) III Liga Galega de Trail-O
 - 1.- Normas anuais
 - 2.- *Ranking* final
- N) Seleccións galegas
 - 1.- Programa de apoio
 - 2.- Campionato de España de Trail-O (clasificación autonómica)
 - 3.- Campionato de España de Orientación en Bicicleta-MTBO (clasificación autonómica)
 - 4.- Campionato de España de Orientación a Pé (clasificación autonómica)
- O) Tecnificación
 - 1.- Tecnificación O-Pé
 - 2.- Tecnificación Raid
 - 3.- Tecnificación MTBO
 - 4.- Tecnificación TRAIL-O
- P) Rendemento.
 - 1.- Campionato de España de Trail-O (clasificación individual)
 - 2.- Campionato de España de Orientación en Bicicleta-MTBO (clasificación individual)
 - 3.- Campionato de España de Orientación a Pé (clasificación individual)
 - 4.- Campionato de España de Raid de Orientación (clasificación)
 - 5.- Campionato de España de Rogaine (clasificación)
- Q) Alto Rendemento
 - 1.- Campionato de Europa Absoluto, Júnior e Xuvenil MTBO (Polonia)
 - 2.- Campionato do Mundo Absoluto e Júnior MTBO (Shumen “Bulgaria”)
 - 3.- Probas de selección da Federación Española de Orientación a Pé.
 - 3.a. Selección Española Absoluta
 - 3.b. Selección Española Cadete e Xuvenil
- R) Formación
 - 1.- Xornada Técnica S.I. Timing
 - 2.- Curso Xuíz Controlador FEGADO
 - 3.- Xornada Técnica de Cartografía
 - 4.- Xornada Técnica SportIdent OE 2010
 - 5.- Xornada Técnica de Trazados

PROGRAMA 4. CAMPIONATOS DE ESPAÑA CONVOCADOS POLO CSD POR SELECCIÓN AUTONÓMICAS EN IDADE ESCOLAR (CESA)

- A) Programa de apoio
- B) Selección autonómica
- C) Resultados

- 1.- Clasificación individual
- 2.- Clasificación remudas mixtas
- 3.- Clasificación por Comunidades Autónomas

PROGRAMA 5. ACTIVIDADE DEPORTIVA DE PROMOCIÓN

A) Do deporte en idade escolar

- 1.- Campionato Provincial Escolar de Ourense
- 2.- Campionato Provincial Escolar de A Coruña
- 3.- Campionato Provincial Escolar de Pontevedra
- 4.- Campionato Provincial Escolar de Lugo
- 5.- Campionato Autonómico Escolar e Universitario

B) Do xénero menos representado dentro da práctica deportiva da federación

- 1.- Participación no Campionato de España de Raid de Aventura (mixto)
- 2.- Participación no Campionato de España de Raid xuvenil (mixto)
- 3.- Participación no Campionato de España de Rogaine (categorías feminina e mixta)

C) Do deporte para deportistas con discapacidade

- 1.- Participación no Campionato de España de Trail-O
- 2.- Organización da III Liga Galega de Trail-O
- 3.- Organización do Campionato Galego de Trail-O

PROGRAMA 6: OUTROS PROXECTOS DE ESPECIAL RELEVANCIA

A) Liga Interrexional Galicia-Norte de Portugal, 2ª Proba Orientación A Pé

B) Liga Interrexional Galicia-Norte de Portugal, 3ª Proba Orientación A Pé

C) Liga Interrexional Galicia- Norte de Portugal, 4ª Proba Orientación A Pé

D) Liga Española de Raid de Aventura (LERA) Raid do Condado

F) City Race Euro Tour Vigo

E) Liga Española de Rogaine

Convenio Secretaría Xeral para o Deporte – FEGADO

Polo convenio de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Orientación concedéronse a esta última 23.552,00€ para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2023, que se repartiron do xeito que se mostra na ficha I entre os diferentes programas.

FICHA I

PROGRAMAS	IMPORTE
1.- Gastos xerais de funcionamento (máximo 25%)	2.352,00€
2.- Actividade deportiva ordinaria	7.500,00€
3.-Tecnificación e rendemento:	0,00 €
a) Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD)	0,00 €
b) Núcleos de adestramento deportivo especializado (NADE)	0,00 €
c) Centros de Tecnificación	0,00 €
4.- Campionatos de España convocados polo CSD por Seleccións Autonómicas en idade Escolar (CESA)	9.000,00 €
5.- Actividade deportiva de promoción:	4.700,00€
a) do deporte en idade escolar	1.200,00€
b) do xénero menos representado dentro da práctica deportiva da federación	2.500,00€
c) do deporte para deportistas con discapacidade	1.000,00€
TOTAL	23.552,00 €

PROGRAMA 1. ACTIVIDADES XERAIS DE FUNCIONAMENTO

1.1 Gastos oficina y funcionamiento (teléfono, Dropbox, otros)	410,73 €
1.2 Comisiones bancarias	265,70 €
1.3 Cuota de afiliación a la UFEDEGA	0,00 €
1.4 Asambleas generales	856,54 €
1.5 Dominio internet	418,15 €
1.6 Asesoría LPD y contable	1.138,15 €
TOTAL	3.089,27 €

A) Asembleas Xerais

1.- Celebrada o 11 de XUÑO

Convocatoria:



CONVOCATORIA da ASAMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA CONVOCANTE

Nome: SONIA	1.º apelido: GÓMEZ	2.º apelido: NAYA	NIF: 34898059K
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: PRESIDENTA		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	Presencial: Universidade de Santiago de Compostela Salón de actos de Colexio Maior de Fonseca		
Data:	Online: UFEDEGA (enviarase ligazón nos vindeiros días)		
	11/06/2023	Hora:	09:30 1ª Convocatoría 10:00 2ª Convocatoría

MEMBROS CONVOCADOS

ESTAMENTOS DE CLUBS

Vizhoja-Cornelios (As Neves)	Fluvial de Lugo (Lugo)	A.D.C Monte Breamo (Pontedeume)
CDM Xesteiras (Pontevedra)	Peña Trevinca-Barco (O Barco)	Brigantia Aventura (A Coruña)
Club Orientación Compás (Lugo)	A.D. A Forna-BudiñoRaid (O Porriño)	Club de Orientación Coruña (A Coruña)
A.D.C. Arnela (Porto do Son)	Aromón Pontevedra (Pontevedra)	Club Montaña Ferrol (Ferrol)
Gallaecia Raid (A Coruña)	Universidade de Vigo (Vigo)	Club O Pasatempo (Betanzos)
S.M. Ártabros (A Coruña)	VigoOrienta (Vigo)	Club Objetivo Trail (Pontevedra)
Club Orientación Liceo (A Coruña)	Club Seo (Ordes)	Club USC (Santiago de Compostela)
Club Vichelas (Guitiriz)	A.D. Limioactiva (Xinzo de Límia)	Club Raza Palleira (Pontevedra)

ESTAMENTOS DE ORIENTADORES/AS

Lucía Parga Basanta	Enrique Luis Álvarez Estévez
Maikel Rodríguez Domínguez	Yolanda García González
Borja Varela Paz	David Lareo Martínez
Laura Garrido Martínez	Victoria López Permy

ESTAMENTOS DE TÉCNICOS - ADESTRADORES

Ángel Álvarez Serto	Teresa Bellón Santos
---------------------	----------------------

ESTAMENTOS DE XUÍCES-CONTROLADORES

Pablo A. Aller Estévez

Candela Puime López

FEGADO. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, 17, Planta 2, Oficina 22; 36209- Vigo- Pontevedra
Tel.: 696 459 544, info@fegado.es

**ORDE DO DÍA**

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior
2. Informe de presidencia
3. Auditoría FEGADO
4. Aprobación das contas anuais 2022
5. Aprobación da memoria anual de actividades 2022
6. Propostas calendario FEGADO 2024
7. Execución presuposto 2023 (xaneiro – maio)
8. Proposta uso diñeiro AGACO
9. Dorsal único FEDO
10. Rogos e preguntas

SINATURA

Roberto Amarelle Garabán
Secretario da FEGADO

Vº Bº Sonia Gómez Naya
Presidenta da FEGADO

Documento asinado dixitalmente por: Amarelle Garabán, Roberto
Data: 04/06/2023
DNI: 448389512
Posto: Secretario
Cun certificado emitido por AC FNMT Usuarios

Documento firmado digitalmente por Sonia
*Gómez Naya, (****805**)*
Fecha: 4/6/23 22:26.

*Como presidenta, (****816**)*
Con un certificado emitido por AC
Representación

Lugar e data:

VIGO	,	04	de	xuño	de	2023
------	---	----	----	------	----	------

Acta:



ACTA DA ASAMBLEA XERAL

En Santiago de Compostela (Colexio Maior de Fonseca) e tamén de forma telemática, sendo ás 10:00 horas do **domingo 11 de xuño de 2023**, reúnese a Asamblea Xeral da FEGADO en sesión ordinaria, de acordo coa orde do día previamente establecido e comunicado, quedando debidamente constituída en segunda convocatoria coa presenza de 14 dos seus 35 membros, todos eles representados en tempo e forma:

1.- POLO ESTAMENTO DE CLUBS (7 de 23):

	Presente	Ausente
Vizhoja-Cornelios (As Neves)		x
CDM Xesteiras (Pontevedra)		x
Club Orientación Compás (Lugo) > Francisco Varela Lorenzo	x	
A.D.C. Arnela (Porto do Son)		x
Gallaecia Raid (A Coruña) > Carlos Salvador Rodríguez	x	
S.M. Ártabros (A Coruña) > María Piñeiro Varela	x	
Fluvial de Lugo (Lugo)		x
Peña Trevinca-Barco (O Barco de Valdeorras)		x
A.D. A Forna-BudiñoRaid (O Porriño)		x
Aromón Pontevedra (Pontevedra) > Adrián Moreira	x	
Universidade de Vigo (Vigo) > Vicente Pastoriza Santos	x	
VigoOrienta (Vigo)		x
A.D.C Monte Breamo (Pontedeume)		x
Brigantia Aventura (A Coruña) > Rubén Barros	x	
Club de Orientación Coruña (A Coruña)		x
Club Montaña Ferrol (Ferrol)		x
Club O Pasatempo (Betanzos) > David Casado	x	
Club Objetivo Trail (Pontevedra)		x

Club Orientación Liceo de A Coruña (A Coruña)		x
Club Sociedade Excursionista Científica de Órdenes (Ordes)		x
Club USC (Santiago de Compostela)		x
Club Vichelas (Guitiriz)		x
A.D. Limioactiva (Xinzo de Limia)		x

2.- POLO ESTAMENTO DE ORIENTADORES (3 de 8):

	Presente	Ausente
Lucía Parga Basanta		x
Maikel Rodríguez Domínguez	x	
Borja Varela Paz	x	
Laura Garrido Martínez		x
Enrique Luis Álvarez Estévez	x	
Yolanda García González		x
David Lareo Martínez		x
Victoria López Permuy		x

3.- POLO ESTAMENTO DE TÉCNICOS/ADESTRADORES (2 de 2):

	Presente	Ausente
Ángel Álvarez Serto	x	
Teresa Bellón Santos	x	

4.- POLO ESTAMENTO DE XUÍCES/CONTROLADORES (1 de 2):

	Presente	Ausente
Pablo A. Aller Estévez	x	
Candela Puime López		x

Tamén asisten, con voz pero sen voto: Roberto Amarelle Garabán (secretario), Javier Antoñón Clemente (tesoureiro), Claudia Oreiro Chapela (vicepresidenta) e Javier Alvelo (anterior presidente da Fegado).

1º.- Aprobación, se procede, das Acta do 17 de decembro de 2022.

Toma a palabra a presidenta da FEGADO para dar a benvinda aos asistentes procedéndose a continuación á votación da acta anterior.

Procédese a votación da acta do 17 de decembro de 2022, resultando aprobada con 14 votos a favor e 1 abstención (Victoria López), sen ningún tipo de obxección nen enmenda.

2º.- Informe da Presidencia.

Toma a palabra a Presidenta da Fegado para indicar que a día da celebración desta asemblea existen 629 licenzas. Engade que se deron de baixa 4 clubs (Senda Norte, Obxectivo Trail, Ro-Baliza e ADTL-Trail). Así mesmo, existe un club de nova creación (Raza Palleira).

3º.- Auditoría FEGADO.

Intervén a Presidenta para indicar que FEGADO recibiu unha notificación para ser sometida a unha auditoría que xa debería terse realizado no ano 2022 pero por diferentes circunstancias demorouse ata este ano. Porén, engade que aínda non existe unha data concreta na que se vai realizar.

4º.- Aprobación das contas anuais 2022.

Toma a palabra Javier Antoñón, tesoureiro da FEGADO, para explicar e describir o informe das contas do ano 2022, establecendo un cadro comparativo entre o ano 2021 e o ano 2022, e procedendo a describir cada un dos apartados que compoñen estas contas. Finaliza a súa explicación que o obxectivo destas contas é continuar na mesma liña que xa o viña facendo a anterior Xunta Directiva.

Procédese á votación resultando aprobada por unanimidade dos presentes con 15 votos a favor.

5º.- Aprobación da memoria anual de actividades 2022.

Toma a palabra Javier Alvelo, como Presidente anterior da Xunta Directiva para explicar o informe das actividades do ano 2022. Engade que esta memoria anual está dividida en 6 programas diferentes tal e como establece a Secretaría Xeral de Deporte, describindo cada un destes programas.

Procédese á votación resultando aprobada por unanimidade dos presentes con 14 votos a favor (ausencia de Maikel Rodríguez).

6º.- Proposta calendario FEGADO 2024.

Intervén a Presidenta para indicar que a mesa de traballo para establecer o calendario das probas deportivas para o ano 2024 está sendo coordinada por Francisco Varela e Javier Alvelo. A continuación toma a palabra Francisco Varela para indicar que algúns clubs xa comezaron a solicitar algunhas das probas. Como novidade para o vindeiro ano vai existir un campionato de ultrascore.

Engade que no mes de xaneiro non se farán probas e que o sábado 23 de febreiro celebrarase unha proba nacional organizada pola FEGADO no concello de Arzúa, polo que se solicita a colaboración voluntaria por parte dos diferentes clubs. Engade tamén que anime aos diferentes clubs a que organicen probas.

Toma a palabra Vicente Ramos para trasladar a visión dun dos deportistas (Armada) para indicar que o número de probas realizadas pola tarde teñen menor participación que as desenvolvidas nas xornadas de mañá, polo que debería analizarse esa situación. Responde Francisco Varela indicando que esa decisión depende da propia xestión dos clubs organizadores.

Intervén Javier Antoñón para indicar que dende a FEGADO sería necesario a estruturación das datas e o lugar das probas e que para iso sería necesario establecer contacto cos diferentes concellos. Engade que a medio e longo prazo sería tamén necesario ter unha comisión de cartografía para ter novos mapas e falar cos concellos para a financiación desa cartografía reducindo deste xeito a carga sobre os clubs organizadores. Así moitos clubs poderían animarse a organizar probas novas. En canto á celebración das probas indica que si é conveniente que as probas se celebren pola mañá e pola tarde xa que deste xeito se aproveita mellor a xornada.

Intervén Enrique Álvarez para indicar que na medida do posible as probas que se programen non coincidan cos campionatos de España.

Intervén David Casado para propor que sexa a FEGADO a que apoie a xestión das autorizacións cos concellos para facilitar a organización das probas, especialmente se algún club quere organizar probas nacionais.

Toma a palabra Pablo Aller para preguntar se existe a posibilidade de que na páxina web da federación exista un borrador do calendario das posibles probas que se pretenden realizar durante o ano 2024. Responde a Presidenta que Adrián Pérez de forma altruísta se ofreceu para modernizar a páxina web, a actualización do ranking e tamén o propio calendario do ano 2024.

Intervén Claudia Oreiro para propor que se renove a páxina web da Federación pois resulta moi complicado buscar información desexada na mesma.

Intervén Teresa Bellón que é responsabilidade dos diferentes clubs controlar a publicación de información na páxina pois moitos clubs publican en novas moitas noticias provocando unha saturación de información da mesma.

Toma a palabra Ángel Serto para indicar que se debe seguir a liña da FEDO onde esta última propón as datas e os clubs intentan adaptarse a estas. Deste xeito evítase a saturación do calendario para que a xente tamén poida competir en probas nacionais.

Intervén David Casado para indicar que dende a FEGADO se solicite á FEDO que reduza o número de probas de selección e que exista a opción de que a FEDO centralice e asuma o custo económico do traslado dos/as nenos/as para poder transportalos ata comunidades distantes onde se celebren esas probas de selección.

7º.- Execución proposto 2023 (xaneiro-maio).

Toma a palabra Javier Antoñón para explicar a execución do presuposto 2023 entre os meses de xaneiro e maio. Indica que se toma como referencia o orzamento aprobado en decembro de 2022 introducindo as modificacións que se foron producindo nos seis meses iniciais do 2023. Engade que a 31 de maio foi necesario empregar os fondos AGACO debido á existencia dunha serie de gastos que non aparecían contemplados nese orzamento inicial. Porén parte desa cantidade recuperárase debido aos ingresos obtidos pola venda de camisetas e ás subencións para os Proxectos de Especial Relevancia (PER).

Finaliza a súa explicación indicando que as principais variacións respecto ao orzamento inicial foron:

- CESA: de 9.000,00€ a 12.933,36 €
- Campionatos de España: de 6.264,00 € a 8.156,83 €
- Equipacións: de 1.358,83 € (vendas a 2.000 € suporían 641,17 € beneficio)

Procédese á votación resultando aprobada a modificación da execución do presuposto por unanimidade dos presentes con 13 votos a favor (ausencia de Maikel Rodríguez e Borja Varela).

8º.- Proposta uso diñeiro AGACO.

Intervén Javier Alvelo para indicar que na última auditoría quedou reflectido que non podían existir eses fondos o cal no seu momento foi considerada unha falta leve por parte do organismo auditor. Nese momento dito organismo indicou que debería procederse a gastar eses fondos económicos. Porén, engade que ese diñeiro constitúe un mecanismo de financiación para todas aquelas actividades que se celebren no primeiro semestre do ano. Indica que será necesario ir gastando progresivamente en subencións para equipamento deixando sempre unha pequena cantidade do mesmo.

Toma a palabra Ángel Serto para indicar que concorda con Javier Alvelo, é dicir, que é necesario gastalo pero deixando sempre un pequeno remanente.

Procédese á votación da proposta de autorización da Asamblea á Xunta Directiva para a utilización dos fondos Agaco en casos de urxencia informando debidamente aos membros da Asamblea. Aprobada esta autorización con 12 votos a favor (ausencia de Maikel Rodríguez e Borja Varela) e 1 abstención (Pablo Aller).

9º.- Dorsal único FEDO.

Intervén a Presidenta para indicar que a FEDO aprobou facer un dorsal único e que á Xunta Directiva da FEGADO parécelle unha boa idea, porén faltan moitos aspectos por definir aínda.

Toma a palabra David Casado que mentras non se definan estes aspectos sería recomendable que continuásemos co mesmo dorsal desta tempada para deste xeito non ter que facer dorsais novos.

Puntualiza a Presidenta que non sería posible xa que os dorsais actuais teñen impreso o ano da liga.

Respóndelle David Casado que eso é insignificativo e que se poden ir modificando e suprimindo ese dato a medida que se vaian reemplazando ou facendo outros novos.

Toma a palabra Ángel Serto, como delegado na FEDO, para explicar que ese dorsal único da FEDO comezará a partir do número 1001 e que comezarán a enumerarse por orde alfabética de clubs e de apelidos de corredores.

Intervén Javier Antoñón para indicar que a FEGADO debería esperar a que se implante este dorsal único na FEDO e logo a FEGADO incorporar a mesma medida.

10º.- Rogos e preguntas.

Intervén María Piñeiro para recordar en nome do club Ártabros que a FEGADO dispón de material de préstamo. Por outro lado, engade que en nome do club Budiño Raid se teña en conta a necesidade de facilitar a conciliación familiar e laboral á hora de realizar a inscrición nas probas, necesidade que deberá ser contrastada polos diferentes clubs. Engade tamén, en nome do club Budiño Raid, que cando un corredor ou corredora presente unha reclamación ante un/unha xuíz/a controlador/a, este/a debería facer referencia ao artigo ao que se refire e que supostamente está sendo incumplido para deste deito favorecer o traballo do/a xuíz/a e ao mesmo tempo obrigar a ese/a corredor/a a coñecer a normativa que reclama.

Intervén a Presidenta para rogar que os clubs durante as celebracións das probas empreguen o material propio da FEGADO por exemplo, os reloxos oficiais en lugar das tablets que se veñen empregando ultimamente.

Engade a Presidenta que a FEDO propúxolle á FEGADO facer o curso de xuíz controlador (os días 18 e 19 de novembro en Santiago) de MTBO e Raid dentro do programa Muller e Deporte e cuxa inscrición sería gratuito para as mulleres.

Toma a palabra Francisco Varela para propor que a FEGADO merque arcos de saída e chegada inchables para facer máis visibles as diferentes probas ao cal responde Javier Alvelo indicando que se pode mercar a través da subención de equipamentos que dá á Xunta.

Intervén Pablo Aller para solicitar que a inscrición das probas galegas se realice a través do sistema SICO da FEDO unicamente. Respóndelle Ángel Serto indicando que é mellor esperar xa que SICO vai sufrir modificacións.

Toma a palabra Teresa Bellón para indicar que se produciron cambios no calendario oficial que non se notificaron debidamente. En base a este aspecto, intervén Ángel Serto lembrando que para cambiar eventos oficiais aprobados anteriormente é necesario que sexan aprobados pola Asamblea.

Intervén a Presidenta para indicar que no seu momento a Asamblea concedeu autorización á Xunta Directiva da FEGADO para poder cambiar as probas de ubicación e data sempre e cando fose por circunstancias debidamente acreditadas e xustificadas.

Toma de novo a palabra Ángel Serto para indicar que aínda que a Xunta Directiva teña a autorización para proceder a realizar eses cambios, esta deberá informar dos cambios que se produzan aos diferentes membros da Asamblea mediante un correo electrónico.

E sen máis asuntos que tratar, dase por concluída a reunión da Asamblea Xeral, co agradecemento da Presidenta a todos e todas os/as presentes, sendo as 12:55 horas do mesmo día 11 de xuño de 2023.

O secretario da Federación
Roberto Amarelle Garabán

VºBº A Presidenta
Sonia Gómez Naya

Asinado dixitalmente por AMARELLE GARABAN ROBERTO - ***3895**
Posto: Secretario da FEGADO
Data: 22/10/2023
Cun certificado emitido por AC FNMT Usuarios

*Documento firmado digitalmente por Sonia Gómez Naya, (****805**)
Fecha: 11/7/23 6:18.
Como Presidenta de F.E.G.A.D.O, (***381***)
Con un certificado emitido por AC Representación*

2.- Celebrada o 16 de decembro de 2023

Convocatoria:



CONVOCATORIA da ASAMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA CONVOCANTE

Nome: SONIA	1.º apelido: GÓMEZ	2.º apelido: NAYA	NIF: 34898059K
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: PRESIDENTA		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	Salón de actos do Colexio Maior de Fonseca. Universidade de Santiago de Compostela.		
Data:	16/12/2023	Hora:	09:30 1ª convocatoria – 10:00 2ª convocatoria

MEMBROS CONVOCADOS

ESTAMENTOS DE CLUBS

Vizhoja-Cornelios (As Neves) CDM Xesteiras (Pontevedra) Club Orientación Compás (Lugo) A.D.C. Arnela (Porto do Son) Gallaecia Raid (A Coruña) S.M. Ártabros (A Coruña) Club Orientación Liceo (A Coruña) Club Vichelas (Guitiriz)	Fluvial de Lugo (Lugo) Peña Trevinca-Barco (O Barco) A.D. A Forna-BudiñoRaid (O Porriño) Aromón Pontevedra (Pontevedra) Universidade de Vigo (Vigo) VigoOrienta (Vigo) Club Seo (Ordes) A.D. Limioactiva (Xinzo de Límia)	A.D.C Monte Breameo (Pontedeume) Brigantia Aventura (A Coruña) Club de Orientación Coruña (A Coruña) Club Montaña Ferrol (Ferrol) Club O Pasatempo (Betanzos) Club USC (Santiago de Compostela)
--	--	--

ESTAMENTOS DE ORIENTADORES/AS

Lucía Parga Basanta Maikel Rodríguez Domínguez Borja Varela Paz Laura Garrido Martínez	Enrique Luis Álvarez Estévez Yolanda García González David Lareo Martínez Victoria López Permy
---	---

ESTAMENTOS DE TÉCNICOS - ADESTRADORES

Ángel Álvarez Serto	Teresa Bellón Santos
---------------------	----------------------

ESTAMENTOS DE XUÍCES-CONTROLADORES

Pablo A. Aller Estévez	Candela Puime López
------------------------	---------------------

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da Asamblea Xeral do 11/06/2022
2. Memoria 2023
3. Liquidación do presuposto anual 2023
4. Aprobación do presuposto 2024
5. Presentación do proxecto deportivo 2024
6. Aprobación da subida dietas e kilometraxe a 0,26 euros /km
7. Aprobación do calendario de probas e eventos 2024
8. Aprobación de enmendas e normas dos diferentes regulamentos
9. Rogos e preguntas



SINATURA

Vº Bº Sonia Gómez
Presidenta da FEGADO

Lugar e data:

VIGO	,	08	de	DECEMBRO	de	2023
------	---	----	----	----------	----	------

Acta:



ACTA DA ASAMBLEA XERAL

En Santiago de Compostela (Colexio Maior de Cadarso), sendo ás 10:15 horas do **sábado 16 de decembro de 2023**, reúnese a Asamblea Xeral da Federación Galega de Orientación (Fegado) en sesión ordinaria, de acordo coa orde do día previamente establecida e comunicade, quedando debidamente constituída en segunda convocatoria coa presenza de 19 dos seus 34 membros, todos eles representados en tempo e forma:

1.- POLO ESTAMENTO DE CLUBS (13 de 22):

	Presente	Ausente
Vizhoja-Cornelios (As Neves) > Diego Fernández Sánchez	X	
CDM Xesteiras (Pontevedra) > Tania López Eyo	X	
Club Orientación Compás (Lugo) > Francisco Varela Lorenzo	X	
A.D.C. Arnela (Porto do Son) > Manuel Antonio Piñeiro Pouso	X	
Gallaecia Raid (A Coruña) > Claudia Oreiro Chapela	X	
S.M. Ártabros (A Coruña) > Alfonso Mancera Bello	X	
Fluvial de Lugo (Lugo)		X
Peña Trevinca-Barco (O Barco de Valdeorras) > Carlos Ferreiro Fernández	X	
A.D. A Forna-BudiñoRaid (O Porriño)		X
Aromón Pontevedra (Pontevedra) > Javier Alvelo Fraguela	X	
Universidade de Vigo (Vigo) > Vicente Pastoriza Santos	X	
VigoOrienta (Vigo)		X
A.D.C Monte Breamo (Pontedeume)		X
Brigantia Aventura (A Coruña) > voto delegado en Manuel Pedre Vázquez	X	
Club de Orientación Coruña (A Coruña) > Jose Manuel Sancosmed Torres	X	
Club Montaña Ferrol (Ferrol)		X
Club O Pasatempo (Betanzos)		X
Club Orientación Liceo de A Coruña (A Coruña)		X

Club SEO (Ordes) > Rubén Carballo Morán	X	
Club USC (Santiago de Compostela) > Pelayo García Acevedo	X	
Club Vichelas (Guitiriz)		X
A.D. Limioactiva (Xinzo de Limia)		X

2.- POLO ESTAMENTO DE ORIENTADORES (2 de 8):

	Presente	Ausente
Lucía Parga Basanta		X
Maikel Rodríguez Domínguez		X
Borja Varela Paz	X	
Laura Garrido Martínez		X
Enrique Luis Álvarez Estévez	X	
Yolanda García González		X
David Lareo Martínez		X
Victoria López Permuy		X

3.- POLO ESTAMENTO DE TÉCNICOS/ADESTRADORES (2 de 2):

	Presente	Ausente
Ángel Álvarez Serto	X	
Teresa Bellón Santos	X	

4.- POLO ESTAMENTO DE XUÍCES/CONTROLADORES (1 de 2):

	Presente	Ausente
Pablo A. Aller Estévez	X	
Candela Puime López		X

